



**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

<b>CONCELLO DE</b>	
<b>VILAMARTÍN DE VALDEORRAS</b>	
REGISTRO DE SAÍDA	
Núm.	557
Data	27/11/2015

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

### NOTIFICACIÓN CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

<b>DÍA: 03 DE DECEMBRO DE 2015 (XOVES)</b>
<b>HORA: 19:30 horas</b>
<b>LUGAR: SALÓN DE PLENOS</b>
<b>SESIÓN: ORDINARIA</b>

Teño a honra de comunicarlle que, por Decreto da Alcaldía de data de 26 de Novembro de 2015, convocouse sesión ordinaria do Pleno Municipal, que se celebrará o día 3 de Decembro de 2015, ás 19:30 horas, segundo o previsto no artigo 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

#### ORDE DO DÍA:

- 1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR DO 29/09/2015.
- 2.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.
- 3.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INORDE E O CONCELLO PARA A XESTIÓN DO PLAN DIRECTOR XEODESTINO Nº 12 MANZANEDA-TREVINCA.
- 4.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE OURENSE E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.
- 5.-DAR CONTA DO INFORME DE ALCALDÍA SOBRE A IMPOSIBILIDADE DA COBERTURA DO POSTO DE TESOURERÍA POR FUNCIONARIO LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.
- 6.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDIA.
- 7.-ROGOS E PREGUNTAS.

Recordáselle que a documentación relativa a estes asuntos encontrase a súa disposición na secretaría municipal.

En Vilamartín de Valdeorras, a 27 de Novembro de 2015.

O Secretario - Interventor

Asdo.: Rodrigo Blanco Novoa





**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)  
-----

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE** **DATA DO 29/09/2015**

**Alcalde – Presidente:**

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)

**Concelleiros asistentes:**

Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)

Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)

Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)

Don José Pinto Álvarez (A.V.)

**Concelleiros que non asisten:**

Dona Eva Arias Aira (PSOE)

Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)

Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)

Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)

**Secretario:**

Don Rodrigo Blanco Nóvoa

En Vilamartín de Valdeorras, sendo as 19:30 horas do día 29 de setembro de 2015, no salón de actos da Casa do Concello, reúnese a corporación municipal a fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Alcalde D. Enrique Álvarez Barreiro, coa asistencia dos concelleiros relacionados ó marxe.

Da fe do acto o Secretario-Interventor do Concello D. Rodrigo Blanco Nóvoa.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, trala comprobación polo Secretario do quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na Orde do Día.

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA DO 06/08/2015.**

O Sr. Alcalde pregunta ós membros da Corporación se teñen algunha corrección que facer á devandita Acta plenaria que foi facilitada ós Concelleiros/as xunto coa notificación desta sesión.

Non se fai ningunha corrección, aprobándose as mesmas co voto a favor da unanimidade dos presentes.





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

-----

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

## **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.**

A Alcaldía propón ó Pleno a aprobación da Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio 2014, unha vez ditaminada favorablemente, pola Comisión Informativa de Facenda e Contas, na sesión de data do 6 de Agosto de 2015; e exposta ó público de conformidade co establecido na lexislación de facendas locais se que se producise ningunha reclamación nin alegación a mesma, tal e como se reflexa na certificación de Secretaría de data do 24 de setembro de 2015.

Coa súa aprobación darase cumprimento ó establecido no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e deberá ser remitida por este Concello ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas antes do 15 de Outubro do presente ano.

O Sr. Deramond, voceiro do PSOE, manifesta que este grupo de goberno vai aprobar a Conta Xeral do 2014 para a súa remisión ó Tribunal de Contas, tal e como se establece legalmente; pero deixando constancia que non están dacordo coa xestión económica realizada nese ano polo anterior goberno.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **3.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2015.**

O Sr. Alcalde propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

*"Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2015, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.*

*Visto e coñecido o contido dos informes do Interventor municipal, de data 23/09/2015 e o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria da mesma data do que se desprende que a situación é de equilibrio.*





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

\*\*\*\*\*

---

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

---

*Esta Alcaldía propón:*

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vilamartín de Valdeorras para o exercicio económico 2015, xunto coas súas Bases de execución.*

*SEGUNDO. Aprobar inicialmente o anexo de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.*

*TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2015, as Bases de Execución e anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

*CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación."*

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS DOUS FESTIVOS LOCAIS CORRESPONDENTES PARA O ANO 2016.**

O Sr. Alcalde propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

*"Vista a comunicación da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense o 24 de xullo, no que se insta a este Concello a elaborar a correspondente proposta das dúas festas locais para o ano 2016.*

*De conformidade co establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e o artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real Decreto 1346/1989, do 3 de novembro.*

*Este Pleno Acorda:*

*· PRIMEIRO.- Propoñer á Consellería de Traballo as seguintes datas como festivos locais do Concello de Vilamartín de Valdeorras para o ano 2016.*





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

-----

---

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

---

- 22 de Abril (festividade de San Xurxo).
- 22 de Xullo (festividade de Sta. María Magdalena).

· *SEGUNDO.- Comunicar dita proposta á Consellería de Traballo e Benestar (xefatura territorial de Ourense) ós efectos oportunos*

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA FICHA DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR-02 DO P.X.O.M.**

O Sr. Alcalde, expón o informe técnico redactado por Isidro López Yáñez, integrante do equipo reactor do PXOM de Vilamartín:

*"O PXOM de Vilamartin foi aprobado definitivamente por Orde da Consellerfa de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de decembro de 2013.*

*En data de 30 de abril de 2015 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a raíz do recurso interposto ó PXOM por D. Francisco Javier Folla Macia, ditou sentenza 00262/2015 na que se falla a favor do devandito recorrente, anulando a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilamartín, "no que se refire ás determinacións do sector de solo urbanizable industrial S-02".*

*Nesta sentenza cuestiónanse os condicionantes incluídos na ficha de desenvolvemento do sector S-02, no que se retire ás limitacións de edificación e uso, ó indicarse que non se permiten máis usos que "os directamente relacionados coas instalacións existentes".*

*A sentenza non cuestiona nin a clasificación do solo como urbanizable, nin os usos, nin a edificabilidade, nin os coeficientes de homoxeneización, nin a xustificación da clasificación expresada na memoria ó respecto deste solo. Tan so se cuestionan as limitacións á materialización da edificabilidade que lle corresponde ó recorrente, e que se derivan do indicado no apartado "Condicións para o desenvolvemento" da ficha de desenvolvemento do ámbito.*

*Motivado por todo o anterior, e de cara a dar cumprimento á referida sentenza, será necesario modificar a ficha de desenvolvemento do sector S-*





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

\*\*\*\*\*

---

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

---

02, e que figura no anexo 1: fichas das áreas de reparto do solo urbano non consolidado e solo urbanizable, do documento 7, normativa, do PXOM de Vilamartín.

Nesta ficha modifícase o primeiro parágrafo do apartado "condicións para o desenvolvemento" que pasa a quedar redactado como segue:

**"O Plan Parcial terá como un dos seus obxectivos a regularización das actividades existentes."**

Posteriormente, sométese á aprobación do pleno a modificación proposta da ficha de desenvolvemento do Setor-S02 do PXOM, a cal é aprobada pola unanimidade dos presentes.

**6. MOCIÓN DO PSOE EN APOIO DA PLATAFORMA SANITARIA DE VALDEORRAS.**

O Sr. Deramond, voceiro do PSOE, da lectura da seguinte Moción para o seu sometemento ó Pleno, que literalmente dí:


**"O Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilamartín de Valdeorras, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presentan, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os concellos da Área Sanitaria de Valdeorras constatamos con preocupación o progresivo deterioro da Sanidade Pública, e tamén a opacidade na xestión dun servizo público de primeira necesidade por parte da actual Administración da Xunta e da xerencia do EOXI (Estructura Organizativa de Xestión Integrada) de Ourense. Esta xerencia é directamente responsable do abandono da Área Sanitaria de Valdeorras, das súas estruturas hospitalarias así como dos centros de saúde de atención primaria, tanto das instalacións como dos seus recursos humanos e profesionais.

O EOXI non serviu como dicían como ferramenta para potenciar a calidade da asistencia sanitaria na área. A integración só serviu para constatar que somos periferia marxinal e non hai ideas de xestión respecto á nosa área para resolver os problemas que día a día teñen na xestión da área de Ourense. A única idea parece ser a de esquilmar os nosos recursos sanitarios.

Nunha estrutura como o EOXI, a súa xestión debe servir para potenciar a calidade





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

**(32340 - OURENSE)**

-----

---

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

---

*asistencial e achegar a atención organizada aos cidadán. A capacidade centralizadora debe servir para chegar ao sector mais débil na organización. Ten que servir para planificar tendo en conta o conxunto dos recursos e para apoiar a organización dos servizos sanitarios co fin de facelos máis eficientes e eficaces no día a día da atención aos paciente e os seus familiares. No noso ámbito, en particular, ten que lograr fortalecer a Atención Primaria como ferramenta fundamental na organización da xestión e planificación da asistencia sanitaria.*

*Temos constatado, a través das denuncias permanentes da plataforma sanitaria de Valdeorras y de la Xunta de Persoal del area sanitaria de Valdeorras, que os cidadáns desta Área non podemos dispor de recursos profesionais axeitados e de calidade. Coas prazas que lle corresponden á Área Sanitaria de Valdeorras, a Xestión Integrada reforza as deficiencias do Centro Hospitalaria de Ourense. Para esta zona nomean profesionais con contratos miserables, de media xornada, contratos de días, de semanas de cinco días, sen fins de semanas, contratos mes a mes de médicos, enfermeiras e outro persoal, acúmulos de cupo, peixe de axendas nas substitucións, etc. Eliminan calquera posibilidade de lograr o seu compromiso co ámbito no que lles toca traballar.*

*Contrátanse actividades con empresas privadas, externalizando servizos sanitarios e non sanitarios que son totalmente asumibles desde a xestión pública, condenando persoal propio a inhibirse nas súas propias competencias.*

*Retíranse profesionais de enfermaría dos centros de saúde en atención primaria, imposibilitando que se cumpran os programas establecidos nos controis de enfermidades crónicas, na atención a domicilio, no apoio á consulta médica e no seguimento dos coidados correspondentes ás cotas de pacientes que lles corresponden, creando unha planificación da atención, que deixa a pacientes sen a atención axeitada ou sen atención.*

*A retirada das prazas de dous fisioterapeutas diminúe drásticamente a oferta de rehabilitación na área, e obriga aos profesionais a traballar con outras pautas e criterios técnicos, o que diminúe a calidade das prestacións e ata pode considerarse unha falla evidente de ética asistencial cara aos pacientes e os seus requirimentos terapéuticos.*

*Establécense diferentes programas asistenciais como Hospitalización a domicilio, Atención post hospitalización (programas necesarios en áreas de poboación envellecidas e rural) pero faise retrotraendo recursos a outras áreas ou, directamente, retirando recursos en servizos como atención primaria. O resultado e que todo queda no enunciado, ou se realiza unha prestación de baixa calidade, a pesar dos esforzos dos profesionais.*

*Véndese o crecemento da carteira de servizos, baseado na posta en marcha de consultas de especialidades, pero sen unha integración real dos servizos na actividade do Hospital. As consultas dependen directamente da capacidade de*





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

---

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

---

*contratar un profesional da forma menos atractiva, coa incerteza de canto pode durar a mesma, e desvinculada da responsabilidade do Servizo con xestión a nivel do EOXI.*

*Pecháronnos este verán máis do 20% das camas do HCV. No apartado tecnolóxico, no que fai referencia as necesidades para un bo diagnóstico médico, temos aparataxe caduco e obsolescente. Cómpranse equipos que se levan para Ourense porque superan o nivel tecnolóxico deste Hospital, como un Ecocardio Transesofáxico. Por outro lado, quédanse equipos que non dan ningunha seguridade aos profesionais que os usan. En canto a unidade móvil de RMN, diminúe a rotación desta polo Barco de Valdeorras, xa que unha das que temos na comunidade está nestes intres fixa no novo Hospital de Vigo.*

*Imponse tecnoloxía a usar, sen ter en conta a opinión dos profesionais.*

*Tendo en conta todas estas cuestións, é evidente que a Area Sanitaria de Valdeorras é tratada como periferia e non se perciben as nosas necesidades, non hai proxecto de futuro para a sanidade da área de Valdeorras por parte dos actuais xestores e non se escoitan os profesionais comprometidos coa Área.*

*Os concellos, como institucións públicas que representan os cidadáns, non temos competencias directas sobre a xestión sanitaria, pero en nome da cidadanía esiximos que **se convoque de inmediato a Comisión de Participación Cidadá**, organismo establecido na Lexislación de Organización Sanitaria da nosa comunidade, co fin de que se nos explique cales son os plans da administración sanitaria para a Área Sanitaria de Valdeorras, e que nos renda conta da súa xestión, dos seus obxectivos e dos seus resultados. En democracia, hai que render conta da xestión pública e do uso dos seus recursos.*

*Por todo iso, o **Grupo Municipal Socialista de Concello de Vilamartín de Valdeorras** presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a aprobación dos seguintes*

**ACORDOS :**

- 1. Instar ao Goberno da Xunta, á Consellería de Sanidade e á xerencia do EOXI de Ourense a que, de forma inmediata, adopte as medidas necesarias para convocar de xeito inmediato a Comisión de Participación Cidadá da Área de Valdeorras.*
- 2. Esixir ao Goberno da Xunta, á Consellería de Sanidade e á xerencia do EOXI de Ourense a paralización do goteo da perda de persoal sanitario na comarca e se dote ao Hospital Comarcal Valdeorras da tecnoloxía sanitaria adecuada.*
- 3. Expresar o apoio do Concello de Vilamartín de Valdeorras á Plataforma Sanitaria de Valdeorras, ás súas manifestacións ao documento que se achega.*







**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

4. *Expresar o apoio do Concello de Vilamartín de Valdeorras ao mantemento dun Sistema sanitario PÚBLICO, UNIVERSAL GRATUITO E DE CALIDADE."*

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

**7.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDIA.**

Dase conta dos seguintes Decretos ditados pola Alcaldía desde a última sesión plenaria ata a data de convocatoria do Pleno:

<b><u>DATA</u></b>	<b><u>RESUMO</u></b>
04/08/2015	Aprobación liquidación contratos obras "Urbanización Calle Real en Arcos. Fase 1º y Fase 2º" e devolución de avais.
07/08/2015	Aprobación de licenza de segregación de parcela a D. Eladio Fernández Gudiña (Exp. Nº 40/2015).
07/08/2015	Resolución de autorización de celebración das festas de San Lorenzo no pobo de Arcos.
19/08/2015	Delegación da competencia de autorización de matrimonio civil á Concelleira Dª Amparo Rodríguez Ferrer.
18/08/2015	Decreto de aprobación de gastos varios e orde de pagamento.
18/08/2015	Aprobación de recoñecemento e liquidación do gasto correspondente á execución da obra denominada "Retirada de entullos na estrada que enlaza O Mazo con San Vicente e Robledo", por un importe total de 10.000,00 €.
19/08/2015	Aprobación de concesión de licenza de obra de reparación de fachada a D. José Angel Cao (Exp. Nº 73/2015).
20/08/2015	Aprobación de concesión de licenza de obra de colocación de tres pistas de lavado de vehículos á "Estación de Servicio A Sobreira" (Exp. Nº 77/2015).
20/08/2015	Aprobación de concesión de licenza de 1ª Ocupación de vivenda a D. Francisco Afonso Martínez (Exp. Nº 29/2015).
25/08/2015	Aprobación de concesión de licenza de obra de ampliación de oco para porta e cambio de postes a D. Carlos Macia Sotelo (Exp. Nº /2015).
25/08/2015	Aprobación de concesión de licenza de obra de cambio de pizarra en tellado a D. José Luis Vega López (Exp. Nº 68/2015).
31/08/2015	Acordo de alta no servizo de axuda no fogar de Dna. Mª De Los Milagros Macia Sierra.
31/08/2015	Resolución aprobación e pago das nóminas correspondentes o mes de Agosto/15.





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

-----

**Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268**

02/09/2015	Acordo de extinción do servizo de axuda no fogar, prestación básica, de Dna. Carmen Calleja Puente.
09/09/2015	Acordo de alta no servizo de axuda no fogar de Dna. Juana Melón Rodríguez.
22/09/2015	Resolución de requerimento a Dna. Concepción Lorenzo Ferrer para retirada de grúa e material enfrente da súa vivenda en Vilamartín (Avda. Constitución).
23/09/2015	Concesión Tarxeta de armas tipo B, para carabina de aire comprimido, a D. José Antonio Pérez Macía

**8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Toma a palabra o Sr. Pinto, de A.V., preguntando sobre a problemática da escombrera da estrada de O Robledo, xa que coa chegada do inverno poden producirse desprendementos na mesma.

O Sr. Alcalde respóndelle que xa se denunciara o caso e que está en mans do avogado do Concello, pero que as cousas da xustiza van despacio. Outra posibilidade sería tentar de arranxarla o propio Concello, pero é moi complicado é non se dispón de cartos para facer fronte o seu custe tan elevado.

O Sr. Pinto tamén pregunta sobre a limpeza de fincas privadas en Valencia, xa que existen todavía algunhas que se topan sen limpar.

O Sr. Alcalde contesta que o Concello manda un oficio a todos os propietarios que non limpan as súas fincas, e se non proceden a limpeza pódese facer por execución subsidiaria; pero se se encarga a unha empresa a limpeza ten que ter a seguridade de que vai cobrar, xa que sería a costa do particular e despois existe a dificultade de cobrar.

Tamén alude o Sr. Pinto ós cortes de auga que se están a producir en Vilamartín.

O Alcalde explica que se están cambiando as tuberías e que as obras sempre son engorrosas; pide disculpas neste sentido polos perxuizos que poida orixinar ós veciños, e calcula que nuns 20 días acabarán as obras.

Seguidamente o Sr. Pinto expón que na fonte pública da rúa Ruíz de Padrón prodúcese unha perda de auga importante debido probablemente ó uso indebido para rego e outros polos veciños.

O Sr. Alcalde responde que dita fonte estaba pechada e pedíronlle que a abriera, que é o que fixo, pero que non pode ser utilizada para regar, polo que habería que denunciar a quen o faga e de momento aínda non lle chegou





**C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)  
-----

---

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

---

ningunha denuncia ó respecto.

Por último, a Sra. Rodríguez Fernández, do PSOE, traslada ó Sr. Alcalde un rogo dos veciños de Arcos para por o nome de D. Daniel Vázquez Alvarez a unha rúa do pobo de Arcos, pondo a disposición do concello o seu currículo e méritos para iso.

O Alcalde responde que ese rogo será deliberado polo grupo de goberno para, de selo caso, aprobalo en próximos Plenos.

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 20:12 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE



Asdo.: Enrique Alvarez Barreiro

O SECRETARIO-INTERVENTOR



Asdo.: Rodrigo Blanco Nóvoa